



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 4 DE
OUTUBRO DE 2012**

LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA CONVOCATORIA: PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS

Alcalde-Presidente

D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO

Concelleiro

DNA. AMALIA GOLDAR CORA

Concelleira

D. MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA

Concelleiro

D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA

Concelleira

D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN

Concelleiro

D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR

Concelleiro

DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA

Concelleira

D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS

Concelleiro

DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE

Concelleira

D. OSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS

Concelleiro

GRUPO PSdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ

Concelleiro

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES

Concelleira

D. MANUEL OTERO ESPÍÑO

Concelleiro

D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO

Concelleiro

DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE

Concelleira

D. MANUEL PARADELA ABELLEIRA
Concelleiro
DNA. ANA ASOREY BREA
Concelleira
D. JOSÉ LUIS PICAÑO RIVEIRA
Concelleiro
D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ
Concelleiro

GRUPO do BNG:

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS
Concelleiro

SECRETARIO

D. JOSÉ NAVEIRA GONZÁLEZ

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta e catro minutos do día catro de outubro de dous mil doce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José C. López Campos, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto o Secretario.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTORIA

1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 6 DE SETEMBRO DE 2012.

2º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 24 DE SETEMBRO DE 2012.

3º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 2 DE AGOSTO DE 2012.

B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

4º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 31 DE AGOSTO DE 2012, ÁMBOLOS DOUS INCLUÍDOS.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.

A) PARTE RESOLUTORIA

1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 6 DE SETEMBRO DE 2012.

Sr. Alcalde: Boa tarde a todos e a todas. Benvidos á sesión ordinaria do pleno correspondente ó mes de outubro, ca orde do día seguinte. A primeira parte do pleno que é a parte resolutoria, leva como primeiro punto do día aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión plenaria celebrada o día 6 de setembro de 2012. Non sei se hai algunha alegación por parte dos membros da corporación se non queda aprobada por unanimidade.

Aprobase por unanimidade a acta da sesión plenaria, celebrada o día 6 de setembro de 2012. Ordénase polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

2º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 24 DE SETEMBRO DE 2012.

Sr. Alcalde: Segundo punto aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión plenaria celebrada o 24 de setembro de 2012. Tampouco hai alegacións, polo tanto aprobámola por unanimidade.

Aprobase por unanimidade a acta da sesión plenaria, celebrada o día 24 de setembro de 2012. Ordénase polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

3º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 2 DE AGOSTO DE 2012.

Sr. Alcalde: E o número tres, aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión plenaria celebrada o 2 de agosto de 2012. Pois se non hai tampouco ningunha alegación aprobámola por unanimidade.

Antes da parte de control da xestión, o concelleiro de Facenda quere presentar algunha moción de urxencia, así que ten a palabra o concelleiro de Facenda.

Aprobase por unanimidade a acta da sesión plenaria, celebrada o día 2 de agosto de 2012. Ordénase polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

FÓRA DA ORDE DO DÍA

A) DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS RELATIVO Á APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2011

Sr. Blanco Carracedo, do PP: Fóra da orde do día, xustificar a urxencia, sería a conta xeral do ano 2011. Tal como se ditaminou o outro día favorablemente na Comisión de Facenda e se adiantou ós restantes grupos políticos o motivo de meter por urxencia é para dar conta ó Tribunal de Contas e evitar de calquera maneira un posible prexuízo por retraso na presentación das contas.

Sr. Alcalde: Ben, algunha intervención? Pois entonces procedemos á votación da urxencia.

Procédese á votación relativa á urxencia do asunto, aprobándose por unanimidade.

Sr. Alcalde: Entramos no fondo da cuestión. Ten a palabra o concelleiro de Facenda.

Sr. Blanco Carracedo, do PP: Ben. Como ben é sabido a conta xeral é o reflexo da situación económica financeira e patrimonial, dos resultados económicos patrimoniais e execución e liquidación dos orzamentos do concello, neste caso do 2011. Penso que é un documento que xa foi debatido en dúas comisións, sometido ó prazo de alegacións e pouco mais podemos discutir sobre el, a menos que os grupos da oposición queiran falar sobre el.

Sr. Alcalde: Moi ben. Algunha intervención? Pois entonces procedemos a votar a conta xeral do ano 2011.

Finalmente, adóptase o seguinte Acordo por unanimidade:

-Visto o ditame da Comisión de Facenda e Especial de Contas de 2 de outubro de 2012 relativo á Conta Xeral.

- Visto o expediente da devandita Conta, no que consta o ditame favorable da Comisión de Facenda e Especial de Contas de data 16 de agosto de 2012 e o preceptivo anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 161, do 22 do mesmo mes,

- Rematado o período legal de exposición pública sen terse producido ningún reparo ou observación ó respecto da dita conta no prazo sinalado para tal efecto no anuncio de mención,

- E de conformidade co disposto no artigos 208 a 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo R. Decreto Lexislativo 2/2004,

ACORDAMOS:

- A aprobación da Conta Xeral do orzamento do exercicio de 2011.

B) DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS RELATIVO Ó AUMENTO DE PORCENTAXE DE GASTO DA ANUALIDADE DE 2013 DO CONTRATO PLURIANUAL “OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DOS ANDARES BAIXO, PRIMEIRO, SEGUNDO E TERCEIRO DO CONCELLO”

Sr. Alcalde: *Tamén ten a palabra o concelleiro de Facenda para outra das mocións fora da orde do día, para explicar a urxencia.*

Sr. Blanco Carracedo, do PP: *Ben, outro asunto que queremos levar por urxencia sería, tamén como se comentou na reunión da Comisión de Facenda, sería a variación do porcentaxe do contrato plurianual da reforma da casa consistorial. Isto tamén é o motivo da urxencia: sería para evitar retrasos na aplicación deste contrato.*

Sr. Alcalde: *Moi ben. Algunha intervención en canto á urxencia? Pois procedemos a votar.*

Procedese á votación relativa á urxencia do asunto aprobándose por unanimidade.

Sr. Alcalde: *Pasamos ó fondo da cuestión. Ten a palabra o señor concelleiro de Facenda.*

Sr. Blanco Carracedo, do PP: *Ben, o fondo da cuestión é tamén coñecido por tódolos grupos municipais: sería para poder proceder á aplicación do contrato tal e como se falou o outro día.*

Sr. Alcalde: *Eu explícolles. Saben vostedes que acabou, rematou hoxe precisamente o prazo para a presentación de ofertas e polo tanto, ó haber unha alteración dos porcentaxes que se corresponden a dúas anualidades e estando claramente delimitado o pleno como órgano competente para poder cambiar esas porcentaxes, como se quere licitar unha obra única, polo importe total, o que se fai é cambiar ese porcentaxe. Así que, se hai algunha intervención? Se non, procedemos á súa votación desta moción fora da orde do día.*

Finalmente, adóptase o seguinte Acordo por unanimidade:

-Visto o ditame da Comisión de Facenda e Especial de Contas de 2 de outubro de 2012 relativo ó aumento de porcentaxe de gasto da anualidade de 2013 do contrato plurianual "obras de acondicionamento dos andares baixo, primeiro, segundo e terceiro do Concello"

- Vista proposta da Alcaldía do pasado 17 de setembro acerca do gasto que se indica.

- Vistos os artigos 79 e seguintes do R. Decreto 500/1990, do 20 de abril, que desenvolven o capítulo 1º do Título VI do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo R.Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, así como a demais normativa aplicable;

- Visto o informe de Intervención de data 18 de setembro de 2012,

ACORDAMOS:

- Aprobar o aumento da porcentaxe de gasto imputable ao vindeiro exercicio 2013 da segunda anualidade do contrato plurianual consistente nas "Obras de acondicionamento dos andares baixo, primeiro segundo e terceiro do concello", fixando o importe da dita anualidade en *252.727,92 euros*.

Sr. Alcalde: *Algún grupo ten algunha outra moción por urxencia para incorporar no pleno? Pois se non hai ningunha moción de urxencia, polo tanto, pasamos á parte de control da xestión con dación de contas das Resolucións da Alcaldía ditadas no período comprendido entre o 1 e o 31 de agosto de 2012 e o punto número cinco, rogos e preguntas. Algunha intervención?. Ten a palabra Sra. Louzao.*

B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

4º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 31 DE AGOSTO DE 2012, ÁMBOS DOUS INCLUIDOS. Dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións da Alcaldía ditadas no período comprendido entre o 1 e o 31 de agosto de 2012.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Sra. Louzao -Vieites, do PSdeG-PSOE: *Ben. Boas noites a todos e a todas. Gustaríanos facer unha serie de rogos que nos fan chegar. Xa temos falado diso neste pleno unha e mil veces e continuaremos a facelo mentres se dirixan a nós os veciños nesta liña. Nos piden, por favor, que traslademos ó concello o desgusto dos veciños de distintas parroquias en relación á situación das pistas do rural. Nos trasladan isto desde Codeseda. Nos din que o acceso a diversos núcleos é moi deficiente tal e como está a limpeza das pistas. Nos trasladan isto tamén dende Santeles, onde os veciños se queixan que certas pistas concretas, sen tránsito, próximas a certas casas concretas, si están limpas, mentres outras, no medio das aldeas, que dan acceso ás aldeas, quedaron sen desbrozar este ano. Nos falan tamén da pista que accede dende A Bragada á Ponte de Souto, da pista que vai dende o Alto da Cruz ata o Matadoiro, da pista que vai dende Gontén ata Loimil, dende Nigoí ata Torreboredo e varias máis que podíamos seguir citando, pero bueno. É un rogo reiterado que volvemos a facer neste pleno, de que o concello atenda debidamente o rural, posto que os veciños se queixan do estado no que se atopan as pistas do rural, en canto á broza, en canto á situación do firme desas carreteras, con buracos.*

E tamén nos din os veciños que van tódolos días cara Santiago que, as limpeza nas áreas de descanso, na carretera que vai da Estrada a Puente Vea, áreas de descanso que, como todos sabemos, están cedidas ó concello e son competencia municipal a súa limpeza, que a verdade da pena velas e non se pode parar a usalas como tales áreas de descanso, nin acceder ás mesas que alí están ubicadas.

O mesmo nos trasladan en relación ó parque infantil que hai xunto á praia do río Liñares, que a situación na que se atopa é unha situación de perigo na que os nenos non poden acceder ós distintos xogos infantís.

Polo tanto, unha vez máis, neste pleno traemos este rogo que nos fan chegar os veciños e, insisto, seguiremos traendo, a pesar de que se nos diga que o están facendo moi ben dende o goberno, de que hai menos tractores, de que a Deputación está axudando. O caso é que o traballo é deficiente, o que se está facendo, e os veciños se queixan e ademais, concretamente se queixan agora posto que a proximidade do inverno, a volta das chuvias, vai a facer que xa que non están limpas agora, o problema aumente no rural. Ese era un rogo que, insisto, queremos trasladar porque tódolos días os veciños nolo din na rúa, nolo din nas parroquias e nas distintas aldeas.

Ademais queremos trasladar a este pleno unha pregunta, unha pregunta en relación ó expediente do concerto da gardería e da axuda no fogar. É un expediente que hai que licitar, que hai que sacar a concurso e que estaban feitos os informes para darlle trámite e sacar estas contratacións a concurso público como a lei o manda. Non sabemos si se está mirando ese expediente, si se retomou, si está parado por algunha razón. Hoxe queremos preguntar aquí en que estado se atopa o expediente da gardería e de axuda no fogar. Grazas.

Sr. Alcalde: *Moi ben. Moitas grazas polos rogos que acaba de efectuar. A nós, xa dixeran moitas veces, non é un problema deste goberno, é un problema natural do concello da Estrada. Sabe vostede que o concello ten aproximadamente 1.800 quilómetros de pistas asfaltadas, o sabe perfectamente. E sabe que sempre foi unha teima de calquera goberno intentar facer un mantemento exhaustivo do rural, a veces con dificultade, porque é moi complexo facelo. As mesmas queixas que está poñendo encima da mesa pois as tiñan no goberno anterior e no anterior do anterior. Nunca se da chegado a tódolos sitios e é certo que o rural é moi extenso e temos tres desbrozadoras traballando por parte do concello e estamos intentando, de feito comentaba vostede o tema de Santeles. Pois hoxe mesmo está traballando a brigada en Santeles, na parroquia de Santeles e facendo un repaso en todo o que son as pistas. Tamén dentro da planificación, os tractores seguen traballando, e na medida das posibilidades estamos intentando chegar nas condicións que temos a tódolos sitios. Lle repito que este é un tema reiterativo e reiterado durante moitos anos. E é unha situación na que tódolos gobernos nos temos que intentar adaptar e intentar facelo o mellor posible, e lle podo garantir que así o seguiremos facendo.*

En canto ó tema dos contratos que vostede comentaba si é certo que nos constaba que se tiña feito algún traballo previo por parte do goberno anterior na renovación dalgúns contratos destes, falamos do servizo de limpeza, falamos da gardería e falamos do servizo de axuda no fogar, os tres grandes contratos que máis ou menos ten o concello. Me consta que se buscou, que se buscou algún antecedente deste feito, aínda que si nos constaba que algún traballo estaba feito, xa lle digo, pero non encontramos ningún antecedente e en Secretaría, polo información que eu teño, non apareceu ningún informe sobre o contrato da gardería e sobre o contrato do servizo de axuda no fogar. De feito, xa lle digo que se leva traballando xa nese contrato e eu entendo que de aquí a final de ano aproximadamente poderemos ter xa preparado todo o que é o trámite administrativo para estes contratos que son grandes contratacións do concello e que queremos regularizar. Ese é o noso obxectivo e esperamos que o traballo nos permita poder ir chegando, máis ou menos acompañados a ese prazo de tempo. A parte final de ano coincide co inicio de ..., a partir de xaneiro co inicio do curso escolar na gardería infantil, co tema do servizo de limpeza e co tema de axuda no fogar que creo que é importante e é un obxectivo que temos tanto o goberno, a parte nos consta que tamén en Secretaría se está a traballar niso para telos máis ou menos en condicións de poder relicitalos de aquí a final de ano.

Algunha outra pregunta ou rogo? Ten a palabra Sr. Magariños.

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: *Un rogo, que me fan chegar un grupo de ciclistas que é unha serie de vertedoiros incontrolados que hai na ruta do salmón. Quedaron de facerme chegar os puntos pero non mos chegaron, entón cando mos cheguen xa... Un é o que xa falamos del, xa está? Me faláron del fai unha semana e fixéronme chegar, quedáronme de facer chegar os puntos concretos por GPS pero aínda non os teño. Cando os teña xa llos poño...*

Sr. Alcalde: *Se era o de Peneda, o de Peneda está retirado xa e os outros, se nos fai chegar a información...*

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: *Un deles era ese, e o outro era o que non me enviaron as coordenadas GPS. Comprometinme a facer chegar o rogo, pero cando teña os puntos fágollos chegar ó concelleiro.*

E outra era unha pregunta: saber se xa temos información de como queda o plan de apagado dos puntos de luz no que se refire a número de puntos apagados e valoración económica de resultado do plan.

Sr. Alcalde: *Bueno, moi ben. Pois en relación ó primeiro tema, xa lle dicía, estamos facendo un esforzo importante. Aínda o outro día saía a información de que se levaban retirado máis de vinte vertedoiros incontrolados. É unha lacra coa que temos que loitar. Inevitablemente aínda non estamos mentalizados de que temos un punto limpo e que siga habendo xente que deposita as pantallas dos ordenadores ó lado dos contedores verdes ou que deixa as lámparas de neon tamén nos contedores amarelos, ou que deixe os colchóns tirados nunha herbeira. É algo que grazas a Dios avanzouse moito, moitísimo, pero temos que seguir traballando nesa dirección e se está facendo un esforzo importante. E xa lle digo, no que vai de ano se levan limpadado máis de vinte, e na medida en que podemos facemos un servizo de recollida tamén co propio persoal municipal de recollida de residuos no rural para poder depositalo no punto limpo, faise un esforzo importante, pero nunca chega; e na medida en que poidamos ter esa información por suposto que a coordinaremos para poder solucionalo. En canto ó tema de apagado no rural, o apagado de luces no rural, un plan de aforro no que parece ser que este goberno foi pioneiro. Porque nos últimos meses estamos saíndo nos medios de comunicación que hai centos de concellos en Galicia que inician este tipo de campañas. A situación é dramática. Eu quero dicirlle, para que se faga unha referencia que, por exemplo, unha das últimas facturas que temos no concello no mes de abril, paréceme recordar que o gasto enerxético eran 140.000 euros, nun mes. Estamos falando de case 25 millóns de pesetas ó mes de gasto a Fenosa. As cifras son alarmantes e iso nos vai a levar a superar con creces o millón de euros. Pero si é certo que estivemos facendo un estudo estas últimas semanas e ademais, tamén llo quero dicir, remitimos á Deputación de Pontevedra, dentro do plan piloto de aforro nos servizos públicos municipais, a relación de facturas dos dous últimos meses do concello da Estrada, para que fagan un estudo sobre as potencias contratadas, sobre os contadores que temos, sobre as luminarias, o tipo de luminarias; unha auditoría dentro dese plan que quere coller un concello de menos de 10.000, un concello entre 10.000 e 20.000 e un concello de máis de 20.000 habitantes, e o concello de máis de 20.000 habitantes foi seleccionado A Estrada. E lle remitimos toda a documentación para que fagan un estudo exhaustivo de auditoría enerxética do concello. Esperamos sacar resultados importantes de aí. Pero ó que iamos, o esforzo veciñal, porque ó final non foi máis que o esforzo dos veciños; e a súa comprensión conseguiu que o concello da Estrada aproximadamente, en variación interanual, estamos falando de facturación do ano pasado a mes de xullo ata o mes sete do 2011 ó mes sete do 2012, a rebaixa na factura eléctrica ascende a 73.000 euros. Estamos falando de sete meses. Mais ou menos podemos estimar que o aforro posiblemente a final de ano poida achegarse ós cálculos que tiña estimado este goberno, en torno ós 150.000, 180.000 euros de aforro neto na factura de Fenosa, o sexa, que en torno a un 15 ou 20% sobre o custe real que tiña a facturación eléctrica no noso concello. Creo que o esforzo feito por parte dos veciños foi importante. Creo que naqueles temas que nos equivocamos pois estamos falando de máis de 2.000 actuacións que tamén é outra das preguntas que vostede facía, máis de 2.000 actuacións que se fixeron, inevitablemente nalgunhas houbo equivocacións. Tivemos que volver a recuperar algún dos puntos de luz que se cortaron porque efectivamente non é o mesmo cortar de día que cortar de noite. Houbo casos de xente que nos trasladou a súa inquietude e se recuperaron de novo. Creo que, en definitiva, o tema está estabilizado, e creo que un aforro entre 150 e 180.000 ó ano, pedíndolle un esforzo a tódolos veciños da Estrada para que fosen sensibles, non só no rural se non o esforzo que se está facendo e un dos grandes aforros que estamos tendo tamén é no sistema de aforro enerxético no casco urbano, que se fai unha redución. O que pasa é que no casco urbano temos unha vantaxe, podemos facer unha redución en case todo o casco urbano dun 70% de capacidade, de potencia de consumo de luminarias, mentres que no rural son instalacións monofásicas (ou se encenden ou se apagan ou se cambia a bombilla, e as bombillas xa son de baixo consumo). Creo que o esforzo está aí e eu quero agradecer publicamente o esforzo feito por todos para intentar conseguir unhas cifras de aforro que son considerables e que sinceramente, en moitos casos, non eran estritamente necesarios e lle estabamos regalando a unha multinacional como é Fenosa os 30 millóns de*

pesetas de tódolos estradenses tódolos anos en temas que eu creo que eran prescindibles. De feito, así parece que é. Polo tanto, creo que ese debe de ser o camiño e seguiremos nesa dirección porque xa lle dicía que esa auditoría enerxética máis ou menos nos valora outro 10 ou 15 % de aforro, exclusivamente nos contratos que teñamos con Fenosa. A día de hoxe non temos información sobre cantos contadores temos, que tipo de potencia contratada temos, canto temos en reactiva, que tipos de enerxías, agora mesmo hai grandes avances nesa materia e queremos estar un pouco á vangarda tamén para seguir prestando o servizo, o mellor servizo, pero cun custe máis reducido. Porque creo recordar que entre o recoñecemento presupostario do ano pasado mais o recoñecemento extra presupostario que tivemos que facer, o ano pasado non nos chegou un millón de euros para pagarlle a Fenosa; e son cifras para o concello inasumibles. E aí seguiremos centrando os esforzos.

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: Vaia por diante que xa dixen moitas veces que me parece ben este plan de aforro, creo que temos que afondar aínda máis.

Falabamos o outro día na Comisión, creo que era de Facenda, o tema da depuradora que se quere facer en Figueroa. Eu apuntaba a necesidade de que se vaia a sistemas de baixo ou nulo consumo enerxético e por aí temos que ir.

Pero tamén lle preguntaba o tema das farolas, porque hai unha serie de farolas na estrada de Santiago, na PO... (se me foi o nome) que están alumando pinos, entre os pinos, ou algunha que está dentro de propiedades privadas. Entón, creo que da mal efecto cando hai moitas zonas do rural que non acabaron de assimilar o tema de cortar as luces, que se vexan eses puntos de luz; creo que non axuda a promocionar esta campaña de sensibilización que creo que sabemos que é problemática pero é necesaria.

Sr. Alcalde: Dicía vostede os tramos na estrada...? Na PO-841?

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: Iso. Hai varios. Recomendo que se repasen, hai algúns dentro de propiedades privadas, outras que están no medio de arbolados, non teñen moito efecto esas luces. Igual que no casco urbano. O outro día paseando, indo pola feira, hai unha farola no medio dunha árbore, a farola está completamente rodeada pola árbore, realmente non está funcionando. Calquera cidadano que pase por alí dirá “a min me cortan o punto de luz na miña aldea, veño a pasear no casco urbano e temos as farolas no medio dos árboles”. Simplemente, como as aparencias son importantes en política, sobre todo cando queremos enfocar un proxecto importante que vai ter contestación social. Ó fin e o cabo, os puntos de luz durante moitos anos se utilizaron como un medio político, entón creo que é algo que temos que romper. E moita xente non o asimila, pero ten que ir asimilándoo porque, o que dicía, non pode estarlle dando millóns de euros a Fenosa por alumear os toxos.

Sr. Alcalde: Alégrome Sr. Magariños que faga vostede esa proposta. De todas formas eu comentábao co compañeiro, son boas excepcións as que vostede acaba de matizar aquí, excepcións que quedan ó marxe dunha regra xeral que foi, cos seus problemas, un apagado importante; porque estamos falando de 2.000 puntos de luz e os que quedaron, e os que quedaron; 2.000 puntos de luz. Porque bueno, si esas son as excepcións... de feito tamén lle digo que se algún propietario nos protestaba por algún punto de luz dentro dalgunha propiedade e resulta que hai algúns (que si nos pasou) que están conectados ó propio contador privado da vivenda, que non están conectados ó alumado público. Tamén nos pasou que había persoas que non puideron muxir a noite que se lle apagou o punto de luz ó lado da casa e cando chamaron ó concello se lle dixo que cando apaguemos o punto de luz de fora non quere dicir que quede sen corrente no establo; e estaban conectados ó alumado público. Entonces, hai casos, hai excepcións de tódolos tipos. Creo que xeralmente o comportamento foi exemplar por parte dos veciños e a nadie lle gusta perder servizos, pero neste caso creo que os casos eran cantados e contados e se identificaron bastante ben. De todas formas, miraremos o caso da carreteira PO-841, da estrada a Santiago, e miraremos ese punto de luz do campo da feira, para ver o que acontece, se procede podar a árbore ou se non, apagar o punto de luz, unha das dúas o faremos. Pero me alegran as súas anotacións.

Algunha outra intervención? Pois se os compañeiros non teñen máis intervencións, dentro do regulamento de participación cidadá, se permite a participación dos veciños neste pleno. Se alguén quere facer algún rogo ou algunha pregunta, pode facer uso da palabra. Ten que identificarse co carne de identidade. Ten vostede a palabra.

Sr. José Manuel Picallo Servide: Como ben vostede sabe somos da Asociación Forokart Estradense. Vostede ben o sabe, estivemos hoxe con vostede. Levamos dende o 24 de maio, como ben sabe, solicitando permiso para facer unha xuntanza de coches. Fómola amañando da forma que vostedes puideran dar o permiso, queríamos no polígono de Toedo, queríamos nos institutos en principio. Nos institutos cambiouse porque setecentos e pico coches que temos asinados non collen, falámolo hoxe á mañá, por iso pediamos no polígono de Toedo, falando con Sangiao propiamente nós; vostedes tamén falaron por atrás, que o sabemos; ó final non temos permiso. A concentración é o domingo, e como quere vostede que lle diga agora á xente, “a ver, non podemos”? Aparte do dano que vostedes fixeron con nós. Xa que temos de Monster, pódolle ensinar, perdemos unha subvención de 22.500 euros por non ter os permisos no seu momento. Ou sexa, a ver que facemos sen 22.500 euros unha asociación sen ánimo de lucro ningún, co que poderíamos haber feito pola Estrada. Iso de primeiro. Segundo, mañá imos presentar un escrito dunha finca privada onde pedimos por favor que nos deixen o permiso para asociarnos a esa finca. A finca está situada en Moreira, cerrada como Dios manda; e quero que me conteste se me vai dar o permiso ou non e se vai colaborar cunha asociación que non ten ánimo de lucro e que pode traer un montón de xente para A Estrada. Incluso, xa llo digo, para o 28 de setembro de 2013 querémola volver a facer. Esperemos que colaboren un pouquiño máis do que fixeron ata agora. E quero que me responda principalmente a esas cousas, porque nos parece moi ofensivo o que estiveron facendo, dándonos voltas ata agora. Xa se cambiou as fechas dúas veces por culpa de non ter resposta; hoxe que nos dixeron que non, nin por escrito, cando vostedes solicitan todo por escrito. Non me parece correspondente, simplemente non me parece correspondente, falta de personalidade de parte do ayuntamiento. Vostedes dirán. Grazas.

Sr. Alcalde: Moi ben. Moitas grazas a vostede. Pois mire, eu claro que lle contesto. Xa falamos hoxe pola mañá deste tema e creo que ademais, de aspectos que vostede coñece perfectamente. Eu si tiven coñecemento nunha reunión alá no mes de abril, no mes de marzo ou abril, coas persoas que estaban coa intención desta iniciativa, naquel momento se falaba de facer unha concentración de coches, eu sabe que lle dixen perfectamente que debiamos ter cuidado, ademais aquí hai partidos políticos que teñen, que coñecen perfectamente cal foi esa situación, na que houbo un debate importante neste pleno cando a asociación fixo un evento desas características fai un ano e saímos en tódolos medios de comunicación nacionais polas carreiras que se fixeron en ese evento, e desde logo non de moito agrado por parte, e así coincidían os compañeiros de corporación que non fora moi agradable ver A Estrada en tódolos titulares informativos de La Sexta e outros informativos nacionais. E solicitaron e preguntaron expresamente se o concello lle tiña dado os permisos para facer esa actividade. Nós dixemos que bueno, naquel momento, si había permisos e desde logo tivemos que aguantar a nosa reprimenda. Eu creo que aquel tema nos serviu para escarmentar a todos. Sabe vostede que unha organización desa magnitude, xa solo polo feito de congregar 700 coches e 1.000 persoas, independentemente de que se faga un paseo pola Estrada que informou a policía local, sabe vostede que este expediente non estivo parado, un informe da policía local, un informe de protección civil, se lles aconsellou ou se lles dixo que tiñan que ter unha autorización da Subdelegación do Goberno que non existe, non a hai. E que vostedes non fagan os recorridos. Sabe que este tipo de actividades, onde se reúnen 700 persoas e cos precedentes que temos, era convinte (e así se lle dixo) que houbera autorización da Subdelegación do Goberno, que non a hai. Se lles falou tamén dun seguro de responsabilidade civil que ó principio querían que llo incorporase o propio concello pero non pode ser, a propia actividade ten un seguro de responsabilidade civil e se lle pediu que o aportaran; se lle pediu tamén a autorización de tráfico porque é un tema que afecta a vehículos de motor; se lle pideu unha serie de documentación e se lle pediu algo tan lóxico e tan razoable, polos datos que constan no concello, que vostedes aportasen a autorización do

propietario das parcelas e do propietario dos viales do polígono para poder facer alí a actividade. Foi a única condición que se lle puxo. Incluso dende o concello creo que nos mostramos totalmente flexibles e intentar buscarlle solución a todo este tipo de problemas e a única condición que eu puxen e que eu lle trasladei hoxe foi a autorización do propietario do polígono. É un polígono privado, o concello non ten competencia no polígono anexo ó polígono de Toedo, o que está sen construír. É un polígono que está en mans de varios propietarios e que son os propietarios os que teñen que autorizar, que aparte está pechado ó tráfico e como vostede ben sabe teñen que autorizar nos seus viales e nas súas parcelas. Hoxe me dixo que as parcelas non as ían ocupar, era a primeira información que tiñamos, eu non tiña esa información tampouco, pero ben sexan as parcelas ben sexan os viales, non están recepcionados de forma definitiva por parte do concello. E polo tanto, o concello non pode autorizar ningún tipo de actuación neses terreos porque non é propiedade municipal. E lle dixemos, traiga vostede un documento do propietario que lle autorice a facer esa concentración e nós, por parte do concello, non ten problema ningún. Se non acreditamos esa información e se vostede non acredita documentación da propiedade do terreo de que autoriza a facer esa actividade, o concello da Estrada non pode autorizar unha actividade na súa casa. Eu non lle podoo autorizar a vostede como concello da Estrada, autorizar a facer na súa finca unha concentración de coches; “non, perdona, na miña finca autorizo eu”. Simplemente se lle pedía basicamente ese documento. Creo que o tema do seguro, o tema da Subdelegación do Goberno, o tema de tráfico non estando solucionado, se lle dixo por parte do Técnico de Deportes e se lle dixo por parte do Concelleiro, que se podería buscarlle unha solución, habería que buscarlle unha solución. Evidentemente, nós queremos potenciar este tipo de eventos e a miña predisposición desde o primeiro momento foi esa, incluso eu lle trasladei ós organizadores, “bueno pois se vos esforzades e facedes unha actuación ben incluso pode servir para lavar un pouco a cara do mal rato que nos fixo pasar o ano pasado aqueles desalmados que colleron os seus coches e saíron do polígono e empezaron a facer trompos na carretera PO-841 e na rotonda do polígono de Toedo, bueno pois se se fai con sentido e con responsabilidade, se se organiza ben, creo que se sae ben, pode ser unha forma de salvar un pouco o desastre que pasou o ano pasado”; pero bueno, o que non vai autorizar o concello, iso está claro, eu non o vou a autorizar de ningunha maneira, se os organizadores non teñen autorización dos propietarios dos terreos; eu non o podoo autorizar, por moito alcalde que sexa non teño capacidade para facelo. Se vostedes non aportan a documentación mínima necesaria para garantir que ese evento se vai a desenvolver con normalidade e que non vai acontecer o que aconteceu o ano pasado coa experiencia que temos do ano pasado, eu sinceramente llo digo, para facer unha chapuza é mellor non facelo. Porque se non se fixo correctamente o ano pasado e saíu como saíu, non volvamos a cometer o mesmo erro. Polo tanto, eu é o que lle trasladei e eu desde logo sinto na alma as xestións que fixeran, os traballos que fixeran, pero desde logo, non o organizaron ben. Se o houberan organizado ben, houberan tido a documentación en regra e se houbera organizado como se organizaron outro tipo de eventos. Esa é un pouco a explicación e, desde logo, creo que por parte deste concello, home, implicación e compromiso por parte do Técnico de Deportes, do Concelleiro, e ánimo de solucionar problemas creo que houbo en todo momento, non? Pero ó final hai cousas que nós non podemos solucionar, se non as solucionan os organizadores o concello non ten capacidade para organizalas, para solucionarlas. E aí o que deben facer ó mellor e coa experiencia que teñen ademais en organizar este tipo de eventos, é intentar traer toda a documentación en regra. Eu xa lle dixen, aínda que outros concellos están radicalmente en contra deste tipo de actividades, porque sabe vostede que hai moitos concellos onde son non gratas este tipo de actividades automobilísticas, e o sabe perfectamente, por iso ó mellor o tema da Estrada ten tirón porque somos dos poucos concellos que damos algo de facilidades para que se faga. A min non me parece xusto, non me parece xusto, que despois, que non se cumpran coas condicións e que a culpa sea do concello. Bueno, pois o que teremos que facer é coma o 99% dos concellos de Galicia, cando veñan con actividades relacionadas con este tipo de concentracións de tuning ou de concentracións de persoas, que utilicen o seu coche de forma pouco responsable neste tipo de actos, que é o que pasa ó final case sempre, pois non autorizalos directamente e non complicarnos a vida. Nós intentamos ser sensibles coa realidade do motor que hai na Estrada, pero vemos que ó final está claro: ou cumprimos

coa lei ou o concello non o vai autorizar. Se a lei non a cumpre, o concello non o autoriza. Algunha?... é unha pregunta...si, si pode seguir preguntando, non pasa nada. Si, si como queirades.

Sr. Martín Picallo Rodríguez: *Bueno, a min xa me coñece tamén en persoa. Primeiro quería saber cales son as facilidades que ofrece o concello para facer este tipo de eventos porque eu teño aquí as probas que desde o 24 de maio en ningún momento me asesorou o concello, xa ese o primeiro punto. Chegáronme fai dúas semanas; primeiro falei co Sr. Constenla, despois coa súa Secretaria, despois co Técnico de Deportes, despois co de Urbanismo, é dicir que me estiveron mareando tódalas semanas de arriba para abaixo no concello. Despois, permiso de Tráfico, Tráfico estaba ó tanto do que se ía facer; de feito teño aquí un escrito que lle mandei. Seguente punto, o seguro tamén está aquí, e non é precisamente barato, son mil novecentos vinte e sete euros con trinta e tres céntimos, conforme o temos. Informe da policía que pon unha tontería coma un mundo que se quere léolle o punto seis: “por último esta Xefatura quere recordar que no último evento destas características que se levou a cabo no Polígono Industrial de Toedo causou gran alarma e descontento social e levou a diversos medios de comunicación tanto autonómicos como fóra da comunidade que fixeran eco das irregularidades levadas a cabo polos participantes de dita actividade co agravante de que nesta ocasión a zona afectada será unha zona moi usada no fin de semana para a realización de deportes co esparcemento do risco que isto supón”. Eu no polígono de Toedo non sei que deportes se fan máis que mirar para os gatos que pasan. Da outra vez solicitamos Protección Civil, veu ás sete da tarde e aquí hai presentes que o poden asegurar, incluso un fotografo que está aí, Luismi, que volo pode asegurar, era a última hora da tarde. A Guardia Civil estivo practicamente todo o día, non multou a ninguén, non se fixeron trompos na rotonda general, soamente na rotonda do polígono, el tamén o sabe, bueno, e máis xente. Hai 400 persoas que estiveron alí co seu coche e que o poden garantir. E outra cousa, chegou ós meus oídos que nos botaron a culpa de que desfixeramos o polígono facendo buratos e desfacendo aceras e rompendo material que había alí, cando foi outra organización, que son os do 4x4, son sei se sabe quen é, porque supostamente me teñen confundido con esa xente. E díxome hoxe o Técnico de Deportes máis o Sr. Sangiao, que quedou asombrado porque me botaron a min a culpa sendo outra persoa, porque dixo: “o permiso en principio non se che daba porque pensabamos que foras ti o que desfixeras o polígono”. Seguente punto, tiña este escrito temporal dunha finca dende o 6 de outubro ata o luns día 8, para poder realizar a concentración tal cal se pide, co seguro de responsabilidade civil que lle respondía polo Polígono de Toedo. Quero saber si mo van a dar si ou non, posto que a meu pai non lle respondeu. Temos o seguro, temos o permiso do dueño, vostede dirá que máis nos falta.*

Sr. Alcalde: *Está?*

Sr. Martín Picallo Rodríguez: *Eu podoo seguir aquí un bo cacho, pero bueno.*

Sr. Alcalde: *Moitas grazas. Vamos a ver, primeiro, eu xa lle comentei antes que o que se lle pediu por parte do concello é que ningún caso, bueno, vamos a ver en primeiro lugar, se quería facer este tipo de actividade sen aportar ningún tipo de documentación. O primeiro que se lle dixo foi tema de seguro, que sexa un seguro de responsabilidade civil do concello; non teñen que facer un seguro, non un seguro, un proxecto de seguro, teñen que presentar unha proposta, un borrador de seguro e no caso que se lle dera licenza, facer o seguro correspondente. Polo tanto non tiña que formalizar vostede o seguro ata que tivera autorización por parte do concello. Segundo tema, que vostede lle mande un escrito a Tráfico non quere dicir que Tráfico autorice a facer a concentración. Que lle mande vostede un escrito a Tráfico non quere dicir que lle dea a autorización. Tráfico lle dará a autorización se procede ou non procede. E de momento nós non temos constancia de que exista esa autorización. Nós, o concello, non ten constancia desa autorización. Terceiro, tema do polígono, vostede di que si lle acusaron, eu non teño coñecemento, o que sei é que si os propietarios estiveron comigo estes días por outro tema en concreto precisamente pola recepción dos viales do polígono de Toedo (que xa lle comentei hoxe pola mañá) e estiveron*

tratando ese tema e entre outros saíu este e dicían que estaban descontentos porque unha organización de vehículos lle desfixera o que son as parcelas e lle fixeran uns buratos nas parcelas e se lle deixara aquilo de forma pouco acondicionada e que tiña moi mala experiencia e que eles non estaban en condicións de prestarlles aquilo a nadie porque non sacaban rendemento ningún e o único que lle creaban eran problemas. Entón foi cando eles falaron da competición 4x4, pero en ningún caso eu vinculei os 4x4 con Forokart e eu, se eles o vincularon, llo comentarían a vostede, pero en todo caso, eles estaban descontentos polo uso que se lle estaba dando, eles dicían que se lle prestaba de forma altruísta o polígono ó estar desocupado, se prestaba de forma altruísta, que se estaba deteriorando, que ademais desde que fixeron o polígono, como sabe vostede, subtraeron xa algunhas tapas de alcantarilla e algunhas rejillas, e tiñan medo de que prestando unha autorización, si había calquera incidente ou calquera accidente alí, que os propietarios tiveran que facerse responsables, independentemente que houbera un seguro, que eles como responsables subsidiarios tamén terían que ir implicados. Polo tanto, que non estaban pola labor de firmar ningún documento por escrito. Eu lle pedín, “oye, e vos podeades firmarlle algunha autorización para que nos poidamos continuar con esta tramitación”. “Non, nós por escrito non lle firmamos nada. Aquí sempre que se deixou, deixouse de palabra, por escrito non”. Pois se non hai unha autorización por escrito, o concello non pode autorizar unha actividade nuns terreos que son privados. Se non se entende iso, pois entón temos que empezar de cero, que non hai nada que discutir. Facilidades? As que se lle poden dar a calquera tipo de evento aquí. Esta é unha iniciativa privada, eu púxenme a disposición, incluso os recibín no meu despacho, estivemos falando das actividades que se ían a desenvolver, falon de distintas datas, eu pola miña parte xa lle dixen que no que se puidera íamos aprobar, pero hai que cumprir a lei. E se a lei se cumpre nós autorizamos e incluso apoiamos, e se a lei non se cumpre, nós non podemos autorizar. E por encima, xa lle digo, hai un precedente, hai un precedente bastante grave, en contra de todo isto, que é o que pasou na concentración do pasado ano, onde vostede entende que non é relevante ou o cualifica doutra forma o informe da policía local; eu creo que é relevante. A policía local fai referencia a que o ano pasado houbo uns incidentes graves, graves, que incluso levaron a identificar a varios condutores que participaron nesa concentración e que nós como concello temos que facer cumprir a legalidade. Non hai máis remedio. Colaboración, toda; implicación, a que poidamos; legalidade, por suposto. Se non cumpre, eu síntoo moito, pero o que non podemos é, desde logo isto xa é un sen sentido, responsabilizar ó concello de que non se faga esa actividade. Se esa actividade non ten os requisitos mínimos necesarios para poder desenvolverse, non se pode desenvolver, iso está claro. Si, pode vostede facer uso da palabra.

Sr. Martín Picallo Rodriguez: Unha última cousa, que se me olvidou antes. Fai dúas semanas tamén me chamaron porque supostamente perderan, entre comillas, tres documentos que entregara eu o 24 de maio para solicitar a concentración, dixéronme que se perderan. Non o creo, porque que se perda un papel, vale, pero tres, dudo moito. Iso necesita unha explicación.

E seguinte punto, non me confirmou se ó final mañá me vai autorizar a concentración ou non. Só era iso. Grazas.

Sr. Alcalde: Moi ben, grazas a vostede. Como comprenderá, estamos nunha sesión plenaria onde se debaten asuntos de interese xeral; e como comprenderá tamén, eu non lle podoo dicir agora mesmo se vou autorizar a concentración ou non. Isto está fóra de todo lugar e de todo momento. Vostede terá que facer a solicitude oportuna. O alcalde non concede nin denega. Son os técnicos municipais os que teñen que informar sobre se o trámite e o expediente está ben, aportan a documentación e se aportan a documentación, e a documentación é legal, está ben, pois concederáse, e se non o é, denegarase. Pero claro, non pode pretender vostede que lle diga eu aquí agora, neste momento, se lle vamos a conceder a autorización ou non, porque neste momento, o alcalde, en última instancia pode conceder autorización sempre cos informes pertinentes por parte do resto dos técnicos, que son os que teñen que informar neste proceso.

Algunha outra pregunta? Si, perdón, un segundiño, que lle recollen agora o DNI.

Sra. Josefa M^a Elsira Matalobos Renda: *Se vai haber máis prazo para pagar ou vai acabar o 15 deste mes? Fáganos algo porque...*

Sr. Alcalde: *Sabe vostede que se pode solicitar a prórroga, o aprazamento de pago dos recibos da contribución. Creo que se en algo coinciden tódolos informes que temos encima da mesa é que o liquidado este ano hai que pagalo, non queda máis remedio, iso é inevitable. E no que respecta ó importe dos recibos do IBI, pois bueno, permítame que, normalmente os políticos solemos facer así algunha licenza de demagogia e desde que os veciños afectados pola subida do IBI na Cidade do Moble fixeron as súas reivindicacións, lle podo garantir que viñeron moitísimas persoas da Estrada a pedirme que se llo faciamos a vostedes que llo fixeramos a eles tamén, esa bonificación. Eles que teñen solos urbanizables no entorno do casco urbano e que non poden edificar porque non hai Plan Xeral e están pagando como solos urbanizables, que tamén, que llos bonificamos porque eles non podían construír. E parece razoable. Entón, de facelo, xeralmente a xente estaría encantada de que se fixera, pero cando se faga, que se faga para todos. Entón, con iso vamos a conseguir que aproximadamente o 50% dos veciños da Estrada non paguen contribución, o cal pode ser unha solución para pechar as portas do Concello e non prestar servizos. Creo que aquí nos debe levar a responsabilidade; temos un informe do Ministerio de Facenda, temos un informe dos técnicos municipais, da recadadora, da interventora, estamos pendente de recibir o informe do ORAL, que vai a vir na mesma dirección e o resultado sempre é o mesmo. O concello non ten capacidade, hai un incremento de valor nas propiedades, hai unha expectativa de lucro sobre esas propiedades, e esas propiedades ó ter un incremento de valor pois teñen que pagar máis cos que non teñen esa expectativa de incremento de lucro sobre as súas parcelas. E esa é a situación na que nos atopamos, e a min xa me gustaría ser o político que decretara a amnistía fiscal para todos e que aquí non pagase nadie, eu sería perfecto, e populista e sería o escenario ideal para un político, andar regalando cartos e andar rebaixando impostos. Este momento non é ese escenario e nos toca vivir un escenario no que, oye, no Polígono de Toedo, precisamente onde estabamos falando no momento anterior, os propietarios dese Polígono xa levan pagando moito tempo polo proxecto urbanizado, eles urbanizaron, agora están pagando como solares e non teñen as naves construídas, pero están pagando como solares e sufriron unha recalificación. E os propietarios dos terreos que iniciaron o proceso de urbanización do LIDL, ó lado do campo de fútbol, tamén están pagando por esa recalificación de terreos. Cando aprobemos o Plan Xeral e clasifiquemos os terreos da calle da Cultura, que seguramente non se desenvolvan en corenta anos e os consideremos como urbanizables, eses propietarios que teñen os terreos alí van a ter que pagar a contribución como suelo urbanizable. Non se vai a desenvolver en corenta anos? Seguramente non, pero eles van ter que pagar por un incremento da expectativa que teñen, e un incremento do valor das súas propiedades. Ese é o debate que nós temos eternamente con outros partidos políticos que forman parte desta corporación que falan de que a contribución, o IBI, que é un grande problema, que as vivendas e as propiedades están sobrevaloradas..., non, o problema, e eu o dixen en máis dunha ocasión, o estamos vendo a pequena escala na Cidade do Moble, e sempre o dixen. O problema non é a sobrevaloración de agora do catastro, o problema vai a ser cando aprobemos o Plan Xeral, aí si que vamos a ter problemas porque aí si que vai haber unha actualización de valores e van a pagar os solares que están no casco urbano máis as fincas, as herbeiras que están fóra do casco urbano porque quedan en solos urbanizables, van a ter que pagar tamén como edificables. Aí é onde vai a vir o problema e o estamos vendo neste momento no proxecto da Cidade do Moble; en pequena escala estamos vendo como se nos traslada ese problema. Que nunca se vai a executar ese proxecto? bueno, pode que non, pero pode que si, e hai unha expectativa e hai un incremento de valor, e non é o mesmo o valor dunha propiedade que está en suelo rústico que unha propiedade que está en solo urbanizable. Claro, eu entendo e comparto a súa opinión e o seu criterio e a súa preocupación, e lle podo garantir, e así llo dixen en máis dunha ocasión a todos vostedes, que si o concello ten nas súas mans algunha posibilidade de tomar unha decisión que sexa xusta para todos, a tomará; que cree un precedente diferente coas propiedades da Cidade do Moble en diferenza dos demais veciños da Estrada non a tomará. Eu o digo e o manteño. Sei que é*

máis fácil nestes momentos gañar tempo, eu non quero gañar tempo nin enganar a nadie, si é posible buscar unha solución que sexa equiparable e equitativa para tódolos veciños da Estrada en situacións parecidas ás que están presentes e futuras, ás que están os terreos da Cidade do Moble, que son moitos, se buscará. Se é só exclusivamente para os da Cidade do Moble, non se buscará.

Sra. Josefa M^a Elsira Matalobos Renda: De todas formas, na anterior reunión que tivemos con vostede non nos falou así, acórdome ben, son maior pero teño memoria, non nos falou así. Eu, eu dígolle a verdade, se tiveramos unha esperanza, pero a esperanza...non creo

Sr. Alcalde: Home, eu dígolle que posiblemente neste final de ano se aprobe o proxecto de urbanización da Cidade do Moble, tamén lle digo que é unha cuestión de expectativas. Agora mesmo A Estrada solo industrial público..., porque é unha das teimas que teñen; eu recordo, teño 38 anos pero recordo de fai 20 anos escoitar que na Estrada desde o ano 80 non había un desenvolvemento industrial, que era un atraso que o único polígono que tiveramos era o polígono de Toedo e que non houbera outra posibilidade. O único solo industrial público que hoxe en día ten A Estrada en disposición de poderse executar é na Cidade do Moble. O único e, de momento non ten máis, e posiblemente os demais están en desvantaxe competitiva con el, porque este proxecto está moitísimo máis avanzado que calquera outro proxecto que se poida iniciar. Que estamos nunha situación difícil, que os veciños lles custa facer fronte ó pago dese recibo, eu enténdoo e creo ademais que poden solicitar o fraccionamento ou podemos intentar buscar unha solución conxunta. Pero bueno, na primeira reunión que mantivemos na Sala de Xuntas, que estaban moitos dos que están hoxe aquí, eu lle dixen que por intentalo non ía quedar, pero que era unha solución, e xa llo dixen dende o primeiro momento, que era unha solución moi complicada porque isto era unha recalificación e tiña un aumento de valor e que o concello non tiña capacidade para buscar solucións ó marxe da lei. Na Estrada pode parecer moito a contribución, eu entendo, e entendo a quen critique que a contribución é inasumible. Bueno, a contribución está no mínimo impositivo, está no tipo mínimo impositivo de toda España, a contribución na Estrada e a valoración das propiedades, salvando algunha excepción porque nós puxemos unha oficina de información catastral durante mes e medio no noso concello para que tódolos veciños puideran consultar o valor das súas propiedades, creo recordar que foron ochenta persoas a consultala e en ningún só caso se detectou sobrevaloración. O que se detectou no 90% dos casos foi infravaloración, valoradas de menos. É moi fácil enténdolo. A valoración catastral, a de vostedes, está actualizada, a fixeron o ano pasado. É unha actualización digamos a prezo de mercado. Pero a actualización das propiedades da Estrada está feita dende o ano 96 e dende o ano 96, agora estamos en crise pero dende o ano 96 ó ano 2012, hombre, subiron moito; agora baixaron e agora xa non é que non valgan porque xa non se venden pero realmente o valor actual é superior ó do ano 96, pero estamos pagando o imposto polo valor que tiña a nosa propiedade no ano 96. Entón, claro, hai unha diferenza de valor importante e o momento en que actualicemos eses valores e os levemos ós valores do ano 2012, o incremento da base impositiva dos recibos vai a supoñer un incremento considerable. E aí vai a vir un catastrazo, vai a vir unha actualización do catastro importante. Pero esa é a realidade que eu defendo e que eu dixen sempre. E para exemplo, o botón: estamos vendo o que pasa na Cidade do Moble e iso vai a pasar multiplicado por cen cando en vez de aprobarse o proxecto sectorial da Cidade do Moble que afecta a esa zona de Lagartóns, se vai aprobar un Plan Xeral que afecta a toda A Estrada. E vai haber situacións por miles exactamente iguais ou peores incluso ca que teñen vostedes, porque un propietario dun solo urbanizable que non se vai a desenvolver mentres que non se desenvolvan os urbanos non consolidados e os urbanos consolidados vai a quedar per secula seculorum aí, e os veciños van estar pagando relixiosamente o seu recibo de contribución. Esa é a lei e así están tódolos concellos de Galicia. E por iso digo que o Plan Xeral, sempre o dixen, e non son sospeitoso de non repetilo aquí, o Plan Xeral é unha ferramenta de ordenación urbanística e é unha ferramenta de recadación, pura y dura, así de claro e así de claro hai que dicilo. Entón, o Plan Xeral é importante, vai solucionar moitos problemas pero é unha forma para que o concello actualice os valores e faga entrar a máis xente na clasificación de solo que teñen que pagar polo seus solares; e isto é unha

complicación, e a quen lle toque asumila terá que asumir un desgaste, como neste caso a nós ou a min me toca asumir este desgaste co tema da Cidade do Moble. Pero eu xa lle digo, pouca solución lle vexo: ó aprazamento da deuda, si, ó pago dos recibos si; pero á variación do valor..., de feito eu se quere lle dou copia do escrito de Catastro, pero Catastro son moi contundentes: falan dunha recalificación, dun incremento de valor, dun incremento das expectativas que teñen os propietarios alí e polo tanto, sexa en cinco, en dez ou en quince anos, van a ter que pagar ese incremento de valor.

Sra. Josefa Mª Elsira Matalobos Renda: *O sea que ten a finca pagada e todo e hai que pagar estes anos todos ata que...; ten xa a súa finca pagada, a súa propia propiedade pagada...*

Sr. Alcalde: *Claro, pero o imposto,... é como se di vostede: “eu teño a miña casa pagada en Lagartóns e teño que pagar o IBI, e teño a miña casa pagada e ¿por que teño que pagar o IBI?” Pero a casa é súa, fíxoa vostede, non lla fixo o concello, e vostede ten que pagar un imposto proporcional polo valor da súa casa, un imposto que lle chaman impuesto de bienes inmuebles. De feito hai xente en rústica que está pagando. Nas zonas onde se están facendo concentracións parcelarias, hai xente (eu aínda estiven onte cunha persoa) que paga 60 euros ó ano de contribución rústica, polas fincas rústicas que son del. E paga 60 euros ó ano. Entón, hai xente na Estrada que está pagando pola contribución rústica, e hai xente na Estrada que está pagando pola contribución urbana. E hai xente na Estrada que paga pola contribución urbana, como é o caso seu, que está agora mesmo, e sabe vostede que hai unha escala da valores. A Cidade do Moble, os polígonos dos terreos seus e de todos os que están aquí están clasificados no valor mínimo como suelos urbanizables sen executar ningún tipo de actuación. No momento en que haxa urbanización terá un incremento de valor, no momento en que queden as parcelas terán un incremento de valor e pagarán en función do que realmente exista alí. Agora están pagando exclusivamente pola recalificación, polo incremento de valor que supón a recalificación dos terreos de rústico a urbanizable. E a medida de aí irá incrementándose. Que o entenden? Eu si estivera sentado aí seguramente non o entendería. Que é xusto? Si. E que é equitativo para todos porque tódolos veciños están na mesma situación, tamén. O resto, eu teño que comprendelos, non me queda máis remedio, e o comprendo. Pero a situación é a que é e non temos moita capacidade de maniobra. Grazas a vostede.*

Algunha outra persoa que queira facer algunha outra pregunta ou outro rogo? Pois se non hai máis intervencións, moitas grazas a todos, boa noite, e levantamos a sesión.

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros, nin por parte do público asistente, levántase a sesión ás vinte e unha horas e trinta e un minutos.

A Estrada, 4 de outubro de 2012

O SECRETARIO,

Asdo.: José Naveira González